

VENDA DE ENTRADAS

ONDE?

• Preferentemente a través do portal compostelacultura.gal

• Despacho de billetes da Zona C

• Punto de Información Cultural.

Aberto de martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 horas. Teléfono 981 542 462

• Nos despachos de billetes dos espazos escénicos dende unha hora antes do comezo dos espectáculos.

Descontos e entradas especiais naquelas funcións marcadas que así o sinalan:

• Descontos do 50% para persoas desempregadas, perceptoras de rendas sociais, xubiladas, maiores de 65 anos, estudantes, menores de 25 anos e integrantes de familias monoparentais ou numerosas.

• Descontos non acumulables entre si. Só se pode aplicar un desconto por entrada.

AVISO!

Pregamos contrastar a información actualizada na páxina web compostelacultura.gal

ESPAZOS

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela
981 552 290 (oficinas)
981 571 026 (despacho de billetes)

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Nova, 21
15705 Santiago de Compostela
981 542 461 (oficinas)
981 542 349 (despacho de billetes)

CASA DAS MÁQUINAS

Rúa de Galeras, s/n
15705 Santiago de Compostela

ZONA C. PUNTO DE INFORMACIÓN CULTURAL

Rúa do Preguntoiro, 1 (Praza de Cervantes)
15704 Santiago de Compostela
981 542 462

- f COMPOSTELACULTURA
- CCULTURA
- @ COMPOSTELACULTURA
- COMPOSTELACULTURATV
- COMPOSTELACULTURA.GAL



FOCO JANET NOVÁS



VIRGINIA ROTA



TRISTÁN PÉREZ MARTÍN

PROTO (SN1806)

JANET NOVÁS

TEATRO PRINCIPAL

23 DE MAIO | 20.30 h

10 € * | público adulto | 75 min

PROTO (SN1806) é o resultado de investigación de dez anos de traballos en solitario de Janet Novás, caracterizados fundamentalmente pola súa relación co enerxético a partir do movemento, a música, a caixa escura, a iluminación e coa mirada do espectador. Todas estas relacións permitírona achegarse a un tipo específico de fisicalidade, de presenza corporal, un determinado tipo de imaxes e accións e unhas relacións específicas cos obxectos. Unha viaxe introspectiva que agora necesita expandirse e tomar outras formas máis aló do seu corpo.

MOVER E FACER

OBRADOIRO DE MOVEMENTO CON JANET NOVÁS

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART
24 DE MAIO | 11.00 h

De balde | público adulto | 3 horas

Neste laboratorio, Janet Novás comparte a práctica desenvolvida ao longo dos anos como bailarina e performer, baseada en creacións propias e colaboracións con disciplinas como a música, a moda ou o cine. A artista entende o corpo como un espazo arqueolóxico, cheo de capas que se poden descubrir a través do movemento. Propón un proceso de “escavación” física e simbólica guiado pola improvisación, onde se exploran materiais internos como ósos, fascias, emocións, imaxinarios ou sons. Tamén se traballa coa voz, a mirada, a pausa, a escoita e a conciencia dos corpos físico, enerxético, emocional e sonoro, co obxectivo de expandir as posibilidades do corpo como ferramenta expresiva e creadora.

EN DANZA... POR VEZ PRIMEIRA



ARTUR GAVALDA

MÍMESIS

ZIG ZAG DANZA

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART
2 DE MAIO | 17.00 e 18.00 h

3 € | de 0 a 3 anos | 40 min

É un espectáculo de danza que se constrúe como un ritual iniciático á vida e no que música, luz e movemento atenden o proceso cognitivo dos máis pequenos. É unha coidada produción internacional realizada entre España e Alemaña, que parte dunha idea: a imitación como vía de relación co mundo. Aprendemos porque repetimos aquilo que vemos.

O público acomódase 360 graos ao redor da acción nun espazo voluble que convida á atención e o descubrimento.



BOB MARLEY FOR BABIES

LA PETITA MALUMALUGA

AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE
3 DE MAIO | 10.30; 11.30 e 12.30 h

3 € | de 0 a 3 anos | 40 min

Segunda parte da triloxía que La petita malumaluga iniciou co éxito internacional *Bitels* para bebés (concerto tributo a The Beatles). Catro bailarinas que cantan, ou catro cantantes que bailan, e unha violonchelista que interpretan sofisticados arranxos dos grandes temas de Bob Marley, unha das principais iconas culturais afroamericanas do século XX. Unha explosión de enerxía cantada e bailada, onde o público, situado no interior dunha escenografía inmersiva a 360 graos, é en todo momento o protagonista.



Compostela
Cultura

EN DANZA

ABRIL — MAIO 2025

AUDITORIO
DE GALICIA

TEATRO
PRINCIPAL

CASA DAS
MÁQUINAS

COMPOSTELA CULTURA celebra o Día Internacional da Danza cun coidado programa de espectáculos e actividades expandidas para públicos diversos co que gozar das artes do movemento en diálogo con outras disciplinas da man de compañías e profesionais de dentro e fóra de Galicia.

(*) descontos do 50%



ITINERARIOS EN MOVEMENTO

ANÁLISE DUNHA PEZA DE DANZA CON LAURA KUMIN

29 DE ABRIL | 19.00 h
AUDITORIO DE GALICIA ·
SALA CIRCULAR

De balde | > 15 anos | 60 min

Danza a Escena fai 15 anos e, para conmemoralo, a Comisión de Danza y Artes del Movimiento de La Red, co apoio de FECED, presenta ITINERARIOS EN MOVEMENTO, un plan formativo sobre danza que busca complementar a exhibición escénica e contribuír ao labor educativo dos espazos e festivais de titularidade pública.

Neste marco, Compostela Cultura abre no Día Internacional da Danza un encontro coa bailarina e docente Laura Kumin que, a partir da análise dunha peza de danza e dos seus elementos coreográficos e conceptuais, facilitará ás persoas asistentes ferramentas para afondar na creación e análise da creación artística.



SUIT(E)

MILLÁN ABELEDO, NURIA SOTELO, MANUEL LÓPEZ JORGE

AUDITORIO DE GALICIA · SALA MOZART
29 DE ABRIL | 20.30 h

De balde | todos os públicos | 60 min

SUIT(E) é un proxecto enmarcado no programa Contemporáneas que pretende facer convivir dúas disciplinas artísticas, a música e a danza, a través da relación escénica entre violoncello e bailarina, unha simbiose perfecta ao longo da historia. Ideas e emocións expresadas no ritmo, a melodía, a harmonía e a cor da música e na gravidade, a flexibilidade, a velocidade e o xesto do corpo.

A proposta parte da arquitectura das danzas barrocas —como a Zarabanda ou o Minuetto da *Suite* núm. 1 para violoncello de Bach— para abrir un espazo de encontro con compositores contemporáneos como Cassadó, Ligeti, Kurtág, Dutilleux, Britten e Manuel López Jorge. Cada peza musical actúa como un territorio emocional e formal que se transforma en movemento,

configurando un percorrido que vai do solemne ao surrealista, dunha estética clásica a unha visión moderna, sempre arredor da beleza e do contrapunto.

A traxectoria musical da proposta explora a diversidade expresiva de cada compositor: desde a mirada hispánica de Cassadó, pasando polo lirismo de Ligeti e a condensación expresiva de Kurtág, ata os ecos rítmicos e resoantes de Dutilleux e Britten. O programa pecha co encargo a Manuel López Jorge, unha peza de nova creación inspirada na física e que leva o violoncello aos seus límites sonoros. Así, *SUIT(E)* é tanto unha homenaxe á tradición como unha exploración do presente, un diálogo entre séculos que cobra vida na escena a través do corpo e do son.

Millán Abeledo, violoncello
Nuria Sotelo, danza
Manuel López Jorge, composición

CON
TEM
PORÁ
NEAS



ALBERTE PETEÁVEL

AURORA BOREAL

PAULA QUINTAS

TEATRO PRINCIPAL
30 DE ABRIL | 20.30 h

10 €* | > 12 anos | 50 min

En *AURORA BOREAL* expónse a permanencia das cousas. Reflexiónase sobre a durabilidade dunha obra escénica. Pode cambiar co tempo? Precisa mudar, ou quedar conxelada? A fugacidade como unha esixencia social xa constituída aparentemente aprobada pola sociedade. Aurora Boreal parte deste concepto do ser exposto ante unha sociedade de consumo efémero, onde a atención humana cada vez é mais escasa. Como a danza que realiza a luz nas xeografías nórdicas, esas luminosidades fugaces aparentes, que só acontecen nunha época determinada do ano, cultívase a paciencia, e é tan rápida que nos deixa unha sensación de serenidade fuxidía: o efémero e o cambiante, onde o obxecto é moi importante en relación co corpo a modo de paralelismo



MARTÍN GONÇALVES

PARA QUE NON ME DEIXES AQUÍ SOA

JULIA LAPORT

TEATRO PRINCIPAL
2 DE MAIO | 20.30 h

10 €* | todos os públicos | 60 min | gal

Nun xogo de máscaras e deformidades faciais, Julia investiga a perda de identidade e a procura dun outro que poida cubrir esa carencia. As ilusións creadas con luces e sombras e as posibilidades de expandir e deformar o corpo con outros materiais, amplifican o movemento dinámico e preciso de Waacking, transformando o artista nunha masa cambiante, cargada de posibilidades e en constante mutación.

15 ANOS EN DANZA · PROGRAMA DOBRE

PIES DE GALLINA & ZENEZ

CASA DAS MÁQUINAS
3 DE MAIO | 20.00 h

De balde | todos os públicos | 45 min

A seguir coa conmemoración dos 15 anos de traxectoria do programa Danza a Escena, a axenda de Compostela Cultura acolle un programa dobre de acceso libre para gozar das artes do movemento. Dúas propostas escénicas, *PIES DE GALLINA* e *ZENEZ*, transpórtannos a un terreo onde a danza contemporánea é vehículo de conexión, presenza e escoita.



MARÍA CLAUDIA QUIROZ RODRÍGUEZ

PIES DE GALLINA

ANA F. MELERO & LUNA SÁNCHEZ

PIES DE GALLINA é a exploración do vínculo entre dúas mulleres, onde o equilibrio entre soste e deixarse soste se converte no núcleo da experiencia. Esta obra de danza contemporánea inspirada nas expresións “ter a pel de galiña” e “andar con pés de chumbo”, investiga a delicada fronteira entre o sensitivo e o racional, tecendo unha relación de apoio e vulnerabilidade entre estes corpos.

PIES DE GALLINA cuestiona e celebra a importancia de ser unha soa para existir en conxunto, destacando a íntima conexión entre as súas intérpretes e creadoras como soporte intrínseco.



ZENEZ

FIL D'ARENA

ZENEZ é unha peza híbrida de danza e música en directo. Estreada en DansaValència, está interpretada por dúas bailarinas de danza contemporánea e dous músicos. Elas e eles, en escena, comunícanse a través das súas propias linguaxes. Con base na improvisación e o foco no mesmo discurso como forma de viaxar de forma conxunta. Á procura do unísono enerxético, cada intérprete atopa as súas desviacións. Unha deriva común entre movemento, madeira electrónica, texturas, silencio e arranques.